

Accesibilidade Mapa do portal

Galego Castelán

Bibliosaúde

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Información xeral | Servizos | Recursos de información | Espazos | Temas | Tipos de recursos

Buscar ...

A **Biblioteca Virtual do Sistema Público de Saúde de Galicia** está constituída pola rede de bibliotecas dos centros sanitarios e servizos centrais, que traballan no desenvolvemento dunha **biblioteca dixital** para os profesionais e usuarios dos servizos públicos de saúde.

O seu obxectivo é poñer a disposición dos usuarios información relevante para a toma de decisións na práctica clínica, na xestión, a docencia e a investigación, e fomentar a súa actualización.

Bibliosaúde reúne nun único sitio diferentes fontes de información avalladas, garantindo a calidade e actualización dos seus contidos, e respectando a lexislación de propiedade intelectual.

Síganos en...   

Directo a

- Consulte co bibliotecario
- Solicitude de artigos
- Solicitude de buscas bibliográficas
- DIALNET

O máis visto

- Resumo da Xornada de presentación Sophos
- REMI: guías de práctica clínica
- Oficina española de patentes y marcas (OEPM).
- GlobalData

Avisos

- 17/06/2014 | Recomendaciones "NO HACER". SEMFYC .
- 29/05/2014 | Guía de Práctica Clínica de Atención no Embarazo e Puerperio
- 29/05/2014 | Opening Science : The evolving guide on how the Internet is changing research, collaboration and scholarly publishing

Xestores bibliográficos gratuitos: CiteUlike, Mendeley e Zotero

1 2 3 4 5 6 7

Revistas subscribas | Mergullador | Bibliosaúde Catálogo Online | PUBMED | New England Journal Medicine | UPTODATE | Fisterra | Harrison | Access Medicine

XUNTA DE GALICIA © Xunta de Galicia, Información mantida e publicada en internet pola Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde

Pode subscribirse ás novidades desta web cun lector de feeds

1. Páxina principal de Bibliosaúde



BIBLIOSAÚDE. (<http://bibliosaude.sergas.es>)

¿Qué é?

É o portal de acceso á biblioteca virtual do Sistema Sanitario Público de Galicia, que reúne nun único sitio diferentes fontes de información, con garantía de calidade e actualización dos seus contidos; permite difundir o coñecemento científico-técnico en ciencias da saúde a través de Internet e facilita a actualización do coñecemento dos profesionais.

Bibliosaúde está constituída polo conxunto de bibliotecas do Sistema Sanitario Público Galego e traballa no desenvolvemento dunha biblioteca dixital para os profesionais e usuarios dos servizos públicos de saúde.

O seu obxectivo é poñer a disposición dos usuarios información relevante para a toma de decisión na práctica clínica e a xestión, a docencia e a investigación.

¿Como podo acceder a Bibliosaúde ?

A través da seguinte dirección :

<http://bibliosaude.sergas.es>

Se accede dende **o posto de traballo**, na rede corporativa e tras identificarse co seu usuario e contrasinal, terá acceso á totalidade dos recursos.

Se accede **dende fóra da organización**, a través de internet, só poderá acceder aos recursos gratuitos. Para ter acceso á totalidade dos recursos deberá facer uso do Mergullador (<http://mergullador.sergas.es>), no apartado de Servizos, e identificarse co usuario e contrasinal que utiliza no seu posto de traballo.

¿Que servizos me ofrece Bibliosaúde ?

1. O buscador de recursos electrónicos Mergullador que lle permitirá acceder dende fóra da institución aos recursos electrónicos contratados.
2. Acceso aos recursos máis habituais, sen necesidade entrar en Mergullador: Bases de datos, revistas electrónicas, libros, guías de práctica clínica, recursos para a toma de decisións clínicas, recursos MBE-EBE, xestores bibliográficos, bancos de imaxes e vídeos, calculadoras, dicionarios e tradutores, axudas á investigación.

3. Consulta dos catálogos das bibliotecas de biomedicina do Sistema Sanitario Público Galego: BICO
4. Prestamos de libros e outros fondos bibliotecarios a domicilio e entre bibliotecas
5. Solicitud de artigos, a través dun formulario
6. Formulario de buscas bibliográficas
7. Formación de usuarios
8. Pode seguir as nosas novas dende as redes sociais

¿Como podo resolver as miñas dúbidas?

Para poder resolver as dúbidas Bibliosaúde ten un apartado de **Consulte co bibliotecario (acceso dende Servizos)** cun epígrafe de *Preguntas frecuentes*. Ademais pódese contactar directamente cos bibliotecarios dende calquera dos formularios de *Propostas e queixas* ou *Consulte ao Bibliotecario*.

¿Que outros contidos de interese ofrece Bibliosaúde?

Ten un apartado cos *Recursos destacados*, cun acceso directo a aqueles máis frecuentes.

No apartado *NOVAS*, recolleráse a información de actualidade.